



VII TRAVESÍA A NADO ILLA DA BENSA

1.- ORGANIZACIÓN

Correrá a cargo do Clube Natación Boiro coa colaboración do Concello de Boiro.

A proba rexerese polo presente regulamento particular, Normativa FEGAN de Aguas Abertas, Normativa de Competición de Aguas Abertas da Federación Española de Natación e Normativa FINA de Aguas Abertas.

A proba estará controlada polo comité de Arbitros da Federación Galega de Natación, sendo a súa competencia a resolución de calquera cuestión ou recurso arbitral que xurda no desenrolo da mesma.

A proba estará incluída dentro do XX Circuito Galego de Aguas Abertas Open 2024 Arzúa-Ulloa denominación de orixe protexida.

2.- DATA E HORA:

Sábado 24 de Agosto de 2024 ás 10:30 horas

3.- CATEGORÍAS

En cada categoría diferenciaremos sexo masculino e feminino.

1- **MÁSTER/POPULAR**- Nados en 2004 e anteriores. Percorrido. 3.500m. **Proba puntuable para o XIX Circuito Galego de Aguas Abertas, Master.** Establécese un tempo máximo de 1 hora e 30 min dende a chegada do primeiro nadador e nadadora, para rematar a proba.

Establécese 4 subcategorías:

- Master 1: do 2.004 ao 1.985.
- Master 2: do 1.984 ao 1.975.
- Master 3: do 1.974 ao 1.965.
- Master 4: do 1.964 e anteriores..

2- **ELITE**- Nados no 2010 e anteriores. Percorrido 3.500 m. **Proba puntuable para o XIX Circuito Galego de Aguas Abertas.** Establecese un tempo de 30 minutos dende a chegada do primeiro nadador e nadadora, para rematar a proba.

3- **INFANTIL**: nados no 2009 e 2010. Percorrido 1.000 m. Establécese un tempo máximo de 30 minutos dende a chegada do primeiro nadador/a, para rematar a proba.

4- **ALEVÍN**: nados no 2011 e 2012, percorrido. 1.000 m. Establécese un tempo máximo de 30 minutos dende a chegada do primeiro nadador/a, para rematar a proba.



5- *POPULAR 1.000 m*- Nados no 2008 e anteriores. Percorrido. 1.000 m. Establécese un tempo máximo de 30 minutos dende a chegada do primeiro nadador e nadadora, para rematar a proba.

6- *ADAPTADA 1.000 m*- Sen distinción de idade. Percorrido 1.000m. Establécese un tempo máximo de 30 minutos dende a chegada do primeiro nadador e nadadora, para rematar a proba.

7- *MENORES 200m*- nados no 2013 e posteriores. Percorrido 200m.

8- *ADAPTADA 200m*- Sen distinción de idade. Percorrido 200m.

****Normas FINA en vigor sobre traxes de baño (BL 8 SWIMWEAR, FINA Bureau on 2 December 2016):**

Para as competicións en Augas Abertas cunha temperatura de auga desde 20°C os traxes de baño tanto para homes coma mulleres non poderán cubrir o colo, nin se estenderá máis alá dos ombros, nin por debaixo dos nocellos. Neste caso coas condicións especificadas os traxes de baño para competicións de Augas Abertas deberán ser feitos cos mesmos requisitos aplicables os traxes de baño usados en piscinas. A partires do 1 de xaneiro de 2017 para as competicións de Augas Abertas con unha temperatura da auga por debaixo de 20°C, homes e mulleres poderán utilizar traxes de baño téxtiles ou térmicos (wetsuits). Cando a temperatura da auga sexa inferior a 18°C, o uso de traxes de baño térmicos é obrigatorio. No que se refire a esta normativa, os «wetsuits»son traxes de baño feitos de materiais que proporciona illamento térmico. Estes traxes de baño para homes e mulleres cubrirán completamente o peito, costas, ombros e xeonllos. Non se estenderan mais alá do colo, os pulsos e os nocellos. Estas normas serán tamén de aplicación nas competicións máster de Augas Abertas.

Dita normativa será de rigurosa aplicación, a efectos de puntuación do XX Circuito Galego de Augas Abertas, para os nadadores que estén inscritos en dita competición. Proba 3.500 m.

Os nadadores das probas de 3.500 m que non desexen puntuar no Circuito Galego de Augas abertas e todos os que participen nas probas de 1.000 m, 200 m poderán nadar sen neopreno, no caso de que a temperatura da auga, sexa inferior a 18°, optando a premios en todas as distancias.

Así mesmo os nadadores que o consideren poderán participar con neopreno con independencia da temperatura da auga, clasificando, pero sen optar a premios.



4.- PERCORRIDOS

O percorrido das probas ELITE, MASTER/POPULAR, constará de UNHA volta a ILLA DA BENSA.



Para as probas INFANTIL E ALEVÍN e POPULAR 1000m, o percorrido constará de UNHA volta a un circuito de 1.000 m.





O percorrido para as categorías MENORES, constará de UNHA volta a un circuito de 200 metros.



5.- PREMIOS

En cada categoría haberá clasificación masculina e feminina.

1-ELITE:

1º Clasificado/a- Trofeo e 100 euros.

2º Clasificado/a- Trofeo e 75 euros.

3º Clasificado/a- Trofeo e 50 euros.

2-MÁSTER/POPULAR 1

1º Clasificado- Trofeo

2º Clasificado- Medalla

3º Clasificado- Medalla

3-MÁSTER/POPULAR 2

1º Clasificado- Trofeo

2º Clasificado- Medalla

3º Clasificado- Medalla

4-MÁSTER/POPULAR 3

1º Clasificado- Trofeo

2º Clasificado- Medalla

3º Clasificado- Medalla



5-MÁSTER/POPULAR 4

- 1º Clasificado- Trofeo
- 2º Clasificado- Medalla
- 3º Clasificado- Medalla

6- PREMIO ESPECIAL JEALSA –TROFEO;

1º Boirense e 1ª Boirensa na Distancia de 3.500 metros

7- INFANTIL- 1.000 m

- 1º Clasificado- Medalla
- 2º Clasificado- Medalla
- 3º Clasificado- Medalla

8- ALEVÍN- 1.000 m

- 1º Clasificado- Medalla
- 2º Clasificado- Medalla
- 3º Clasificado- Medalla

9- POPULAR 1.000m

- 1º Clasificado- Medalla
- 2º Clasificado- Medalla
- 3º Clasificado- Medalla

10- ADAPTADA 1.000m

- 1º Clasificado/a- Medalla.
- 2º Clasificado/a- Medalla.
- 3º Clasificado/a- Medalla.

11- MENORES 200m: medalla a todos os participantes.

12- ADAPTADA 200m: medalla a todos os participantes.

Os premios non son acumulativos (salvo o de primeiro e primeira Boirense) e só se poderá inscibir nunha categoría.



6.- INSCRICIÓN

As inscricións realizaranse a través da plataforma <https://cronotec.es/>

CATEGORÍAS	ATA O 4 DE AGOSTO	DO 05 Ó 20 DE AGOSTO
MENORES (BENXAMIN, PREBENXAMIN...) (200 M)	10 EUROS	12 EUROS
ALEVÍN, INFANTIL E POPULAR (1.000 M)	20 EUROS	25 EUROS
ÉLITE E POPULAR- MÁSTER (3.500 M)	20 EUROS	25 EUROS
ADAPTADA (200 M)	GRATUITA *a inscrición desta categoría, realizarase enviando os datos do/a deportista a cnatacionboiro@gmail.com	GRATUITA *a inscrición desta categoría, realizarase enviando os datos do/a deportista a cnatacionboiro@gmail.com

A devolución de chip+portachip é obligatoria. Cada chip+portachip non devolto ten un custo de 12 euros. As inscricións poden facerse a partires do luns 1 de xullo do 2024 ata o martes 20 de agosto de 2024 as 23:59 na páxina web de Cronotec.

A inscrición inclúe:

- Cronometraxe por chip (salvo a categoría dos menores)
- Control de tempos en vivo e en directo.
- Seguro de accidentes para cada participante.
- Camiseta conmemorativa do evento.
- Gorro conmemorativo da proba.
- Seguro de responsabilidade civil.
- Avituallamento post competición.

7.- SEGURIDADE

Durante o recorrido da Travesía, contaremos coa colaboración dos piragüistas do Club Piragüismo Rías Baixas e de tres embarcacións a motor da organización. Tamén



disporemos na zona de saída e chegada, dunha ambulancia medicalizada e de voluntarios de Protección Civil de Boiro.

8.- ESTIMACIÓN HORARIA (APROXIMADA)

08:45-10:15 h- Recollida de dorsais Élite/Master/Popular.

08:45-10:15 h- Recollida de dorsais da proba 1.000 (Alevín, Infantil, Popular 1000).

11:30-12:15 h- Recollida de dorsais da proba MENORES.

10:30 h- Saída proba Élite/Master/Popular

10:35 h- Saída proba 1.000 (ALEVÍN, INFANTIL, ADAPTADA, POPULAR 1.000).

12:30 h- Saída proba MENORES E ADAPTADA 200M.

13:15 h- Entrega de Premios

9.- OUTROS ASPECTOS

En caso de baixa NON se procederá á devolución do importe da inscrición.

Os nadadores deberán colocar o chip no lugar indicado pola empresa de cronometraxe.

Segundo a normativa da XX CIRCUITO GALEGO DE AUGAS ABERTAS non estará permitido participar con reloxios, gps, pulseiras ou piercings que poidan supoñer un perigo para a integridade física dos deportistas.

Así mesmo tamén se fará un control das uñas dos participantes, se son excesivamente longas, a criterio dos árbitros da FEGAN, será necesario cortalas para poder participar na proba.

Non se admitirán inscricións o mesmo día da proba.